



DE LOURIDO A COMBARRO (polo litoral de Poio)

Adela Leiro, Mon Daporta
decembro 2018

Distancia: 8 km (lineal)
Dificultade: baixa



Unha camiñada de interese paisaxístico e ambiental ao longo dun litoral con dúas partes ben diferenciadas: o tramo entre Raxó e Combarro ata A Seca en Poio, con tramos rochosos de pouca altura, de acceso imposible porque están totalmente cubertos por edificacións e os seus peches, e areas de accesos limitados pola mesma razón; e o tramo entre A Seca e a Ponte da Barca con escasa presión humana, máis natural, con grandes superficies areosas que son bancos marisqueiros, os lameiros do fondo da ría nos que se poden atopar numerosas limícolas e outras aves acuáticas e fermosos lugares para un paseo.

Para percorrelo tamén o fixemos en dúas etapas que comezamos nos dous puntos extremos e rematamos en Combarro, aínda que se podería facer todo nunha xornada.

Enseada e praia de Lourido



PERCORRIDO

Comezamos en **Lourido**, porque o espazo entre a Ponte da Barca e Lourido non ten camiños para seguilo pola beira aínda que hai puntos nos que aproximarse a canle do río. Achegámonos para comezar á **punta das Saiñas**, xa nos lameiros do fondo da ría, desde ela vimos ao **peirao de Besada**, beireamos a **enseada de Lourido** e chegamos á praia; un longo areal que arranca na frecha da Enseada, continúa coa **praia do Polvorín** ou de **Lourido** para virar nun saínte rochoso e rematar na **praia da Cabeceira**, que se prolonga nunha grande superficie mar adentro e pola **enseada de Campelo** ata **Combarro**. Desde a praia da Cabeceira, coa marea baixa, pódese continuar pola area ata o **porto de Campelo**; ou subir á estrada e por unha beirarrúa con varios miradoiros facelo por un espazo preto da beira pero con un punto de vista máis elevado. Desde o porto de Campelo un camiño peonil acondicionado tráenos preto da beira do mar, pasando pola **Ostreira**, ata **A Seca**, a área deportiva e de lecer de Poio. Antes de entrar na Seca cruzamos un regueiro, o **rego das Cancelas**, que uns poucos metros augas arriba ten un grupo de muíños e unha fervenza, os **Muíños da Freixa**, merecentes dunha visita. No final da área da Seca subimos á estrada porque este tramo, ata Combarro, tamén ten o litoral ocupado por propiedades pechadas, pódese seguir por abaixo se a marea acompaña, rodear a **punta da Pinela** e camiñar pola beira do areal ata chegar á **praia do Padrón**. Baixamos á praia do Padrón porque é o punto desde o que temos as máis fermosas panorámicas da fachada costeira tradicional de **Combarro** e pola area achegarnos a ver de preto os hórreos e as construcións tradicionais; logo non está de máis deixarse ir polas rúas ata que decidamos saír ao porto para rematar a viaxe.



Punta Manaditas desde a punta das Saiñas



Punta das Saiñas




Ría de Pontevedra: costa de Poio entre a Ponte da Barca e Combarro

A **Ría de Pontevedra** é a máis pequena das rías baixas e ábrese, seguindo unha fractura con dirección SO-NE, entre as puntas de Cabicastro, ao norte e o cabo Udra, ao Sur. O río máis importante que desauga nela o o Lérez. Na boca da ría atópase o arquipélago de Ons e no seu interior a pequena illa de Tambo.



Peirao de Besada



Enseada de Lourido



Enseada de Lourido



Praia do Polvorín/Lourido. De 700 m de lonxitude, ocupa unha frecha antes de comezar o esteiro do Lérez. É a primeira praia da marxe dereita da ría de Pontevedra.





Punta Parede



Praia da Cabeceira



Praia da Cabeceira



Punta dos Galos



Porto de Campelo



Praia de Campelo



Enseada de Campelo



Punta de Campelo




Illote dos Ratos



A Ostreira



Praia da Ostreira



Rego das Cancelas. uns poucos metros augas arriba ten un grupo de muíños e unha ferverza, os **Muíños da Freixa**, merecentes dunha visita.



A Seca. Desembocadura do rego do Mouro.



A Seca. Desembocadura do rego do Pereiro.



A Seca, na enseada de Campelo.



Praia e punta da Pinela




Enseada de Campelo, entre Combarro e a punta dos Galos



Praia do Padrón



Praia do Padrón e Combarro



Combarro, unha vila mariñeira que conserva un dos conxuntos arquitectónicos populares máis interesantes de Galiza e no que destacan as casas mariñeiras e os hórreos (máis de trinta) á beira do mar. Está declarado Ben de Interese Cultural, Conxunto Histórico e Sitio Histórico.



COMBARRO. Peiraos da Canteira e da Chousa.